

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000922	IES María Soliño	Cangas	2023/2024

Borrador

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	9
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	11
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	11
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	12
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	17
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	18
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	19
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	19
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	23
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	24
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	25
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	25
o) Outros apartados	25

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

OBXECTIVOS EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria organizada en 4 cursos, contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan adquirir os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo.

Os obxectivos son os seguintes (art. 7, Decreto 155/2022, do 15 de setembro):

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Por mor da diversidade do alumnado do centro, a adecuación destes obxectivos plasmaranse nas diferentes programacións didácticas.

OBXECTIVOS BACHARELATO

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Os obxectivos son os seguintes (art. 7, Decreto 157/2022, do 15 de setembro):

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Por mor da diversidade do alumnado do centro, a adecuación destes obxectivos plasmaranse nas diferentes programacións didácticas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave, así como os descritores operativos do seu grao de adquisición que estea previsto ao finalizar cada etapa, interpretaranse da seguinte maneira:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Ao completar a ESO a/o alumna/o:

- Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.
- Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.
- Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.
- Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva; e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa

interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

- Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

b) Competencia plurilingüe (CP).

Ao completar a ESO a/o alumna/o:

- Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

- A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.

- Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

Ao completar a ESO a/o alumna/o:

- Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se é necesario.

- Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.

- Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa e en equipo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e valorando a importancia da sustentabilidade.

- Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.

- Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

d) Competencia dixital (CD).

Ao completar a ESO a/o alumna/o:

- Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.

- Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

- Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

- Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

- Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Ao completar a ESO a/o alumna/o:

- Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.

- Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.

- Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuindo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira

equitativa e empregando estratexias cooperativas.

- Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.
- Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

f) Competencia cidadá (CC).

Ao completar a ESO a/o alumna/o:

- Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.
- Analiza e asume fundamentalmente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
- Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.
- Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

g) Competencia emprendedora (CE).

Ao completar a ESO a/o alumna/o:

- Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.
- Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.
- Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Ao completar a ESO a/o alumna/o:

- Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.
- Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.
- Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.
- Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

Nas programacións didácticas de cada materia ou ámbito estableceranse unha selección dos criterios de avaliación e dos contidos para o deseño das actividades de ensino e aprendizaxe e avaliación e dos métodos pedagóxicos que contribúan á asegurar, no nivel correspondente o desenvolvemento das competencias clave.

Na avaliación inicial, o profesorado informará das competencias clave do alumnado para ter coñecemento das competencias xa adquiridas e das que o alumnado poida presentar máis dificultades, para poder entre todo o equipo docente do grupo axudar ao seu desenvolvemento.

Na avaliación final o profesorado informará do grao de consecución das competencias clave por parte do alumnado segundo as tarefas que tivese programadas en cada materia. Os/as titores/as, con esta información encherán o Consello Orientador dos/as alumnos/as de que será, á súa vez, punto de partida para o curso seguinte.

BACHARELATO**a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).**

Ao completar o Bacharelato a/o alumna/o:

- Exprésase de xeito oral, escrito, signado ou multimodal con fluidez, coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais e académicos, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información, crear coñecemento e argumentar as súas opinións como para establecer e coidar as súas relacións interpersoais..
- Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos distintos ámbitos, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada, e para construír coñecemento.
- Localiza, selecciona e contrasta de xeito autónomo información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégra e transfórmaa en coñecemento para a comunicar de maneira clara e rigorosa adoptando un punto de vista creativo e crítico, á par que respectuoso coa propiedade intelectual.
- Le con autonomía obras relevantes da literatura e ponas en relación co seu contexto sociohistórico de produción e coa tradición literaria anterior e posterior, e examina a pegada do seu legado na actualidade, para construír e compartir a súa propia interpretación argumentada das obras, crear e recrear obras de intención literaria e conformar progresivamente un mapa cultural..
- Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando e rexeitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos sistemas de comunicación.

b) Competencia plurilingüe (CP).

Ao completar o Bacharelato a/o alumna/o:

- Utiliza con fluidez, adecuación e aceptable corrección unha ou máis linguas, ademais da lingua familiar ou das linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas con espontaneidade e autonomía en diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
- A partir das súas experiencias, desenvolve estratexias que lle permitan ampliar e enriquecer de forma sistemática o seu repertorio lingüístico individual co fin de se comunicar de xeito eficaz.
- Coñece e valora criticamente a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal e antepondo a comprensión mutua, como característica central da comunicación, para fomentar a cohesión social.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

Ao completar o Bacharelato a/o alumna/o:

- Selecciona e utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións propias da modalidade elixida e emprega estratexias variadas para a resolución de problemas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, en caso necesario.
- Utiliza o pensamento científico para entender e explicar fenómenos relacionados coa modalidade elixida, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, formulándose hipóteses e contrastándoas ou comprobándoas mediante a observación, a experimentación e a investigación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade, e amosando unha actitude crítica acerca do alcance e das limitacións dos métodos empregados.
- Formula e desenvolve proxectos deseñando e creando prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou a un problema de xeito colaborativo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e avaliando o produto obtido de acordo cos obxectivos propostos, a sustentabilidade e o impacto transformador na sociedade.
- Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de investigacións de forma clara e precisa, en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas e símbolos), aproveitando a cultura dixital con ética e responsabilidade e valorando de xeito crítico a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, para compartir e construír novos coñecementos.
- Planea e emprende accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física e mental, e para preservar o ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable, aplicando principios de ética e seguridade, para crear valor e transformar a súa contorna de maneira sustentable, adquirindo compromisos como cidadán ou cidadá nos ámbitos local e global.

d) Competencia dixital (CD).

Ao completar o Bacharelato a/o alumna/o:

- Realiza procuras avanzadas comprendendo como funcionan os motores de procura na internet, aplicando criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e organizando o almacenamento da información adecuadamente e con seguridade, para a referenciar e a reutilizar posteriormente.
- Crea, integra e reelabora contidos dixitais de forma individual ou colectiva, aplicando medidas de seguridade e

respectando sempre os dereitos de autoría dixital, para ampliar os seus recursos e xerar novo coñecemento.

- Selecciona, configura e utiliza dispositivos dixitais, ferramentas, aplicacións e servizos en liña, e incorpóraos na súa contorna persoal de aprendizaxe dixital, para se comunicar, traballar colaborativamente e compartir información, xestionando de maneira responsable as súas accións, a presenza e a visibilidade na rede, e exercendo unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.
- Avalía riscos e aplica medidas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e fai un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable desas tecnoloxías.
- Desenvolve solucións tecnolóxicas anovadoras e sustentables para dar resposta a necesidades concretas, amosando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Ao completar o Bacharelato a/o alumna/o:

- Fortalece o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de obxectivos de xeito autónomo para facer eficaz a súa aprendizaxe.
- Desenvolve unha personalidade autónoma, xestionando construtivamente os cambios, a participación social e a súa propia actividade, para dirixir a súa vida.
- Adopta de maneira autónoma un estilo de vida sustentable e atende o benestar físico e mental propio e o das demais persoas, procurando e ofrecendo apoio na sociedade, para construír un mundo máis saudable.
- Aмосa sensibilidade cara ás emocións e as experiencias das demais persoas, sendo consciente da influencia que exerce o grupo nas persoas, para consolidar unha personalidade empática e independente e desenvolver a súa intelixencia.
- Distribúe nun grupo as tarefas, os recursos e as responsabilidades de xeito ecuánime, segundo os seus obxectivos, favorecendo un enfoque sistémico para contribuír á consecución de obxectivos compartidos.
- Compara, analiza, avalía e sintetiza datos, información e ideas dos medios de comunicación, para obter conclusións lóxicas de forma autónoma, valorando a fiabilidade das fontes.
- Planifica a longo prazo avaliando os propósitos e os procesos da construción do coñecemento, relacionando os campos deste para desenvolver procesos autorregulados de aprendizaxe que lle permitan transmitir ese coñecemento, propor ideas creativas e resolver problemas con autonomía.

f) Competencia cidadá (CC).

Ao completar o Bacharelato a/o alumna/o:

- Analiza feitos, normas e ideas relativas á dimensión social, histórica, cívica e moral da súa propia identidade, para contribuír á consolidación da súa madurez persoal e social, adquirir unha conciencia cidadá e responsable, desenvolver a autonomía e o espírito crítico, e establecer unha interacción pacífica e respectuosa coas demais persoas e coa contorna.
- Recoñece, analiza e aplica en diversos contextos, de forma crítica e consecvente, os principios, os ideais e os valores relativos ao proceso de integración europea, a Constitución española, os dereitos humanos e a historia e o patrimonio cultural propios, á vez que participa en todo tipo de actividades grupais cunha actitude fundamentada nos principios e nos procedementos democráticos, o compromiso ético coa igualdade, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
- Adopta un xuízo propio e argumentado ante problemas éticos e filosóficos fundamentais e de actualidade, afrontando con actitude dialogante a pluralidade de valores, crenzas e ideas, rexeitando todo tipo de discriminación e violencia, e promovendo activamente a igualdade e a corresponsabilidade efectiva entre mulleres e homes.
- Analiza as relacións de interdependencia e ecodependencia entre as nosas formas de vida e a contorna, realizando unha análise crítica da pegada ecolóxica das accións humanas, e demostrando un compromiso ético e ecosocialmente responsable con actividades e hábitos que conduzan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable e a loita contra o cambio climático.

g) Competencia emprendedora (CE).

Ao completar o Bacharelato a/o alumna/o:

- Avalía necesidades e oportunidades e afronta retos, con sentido crítico e ético, avaliando a súa sustentabilidade e comprobando, a partir de coñecementos técnicos específicos, o impacto que poidan supor na contorna, para presentar e executar ideas e solucións anovadoras dirixidas a distintos contextos, tanto locais como globais, no ámbito persoal, social e académico, con proxección profesional emprendedora.
- Avalía e reflexiona sobre as fortalezas e as debilidades propias e as das demais persoas, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia; interioriza os coñecementos económicos e financeiros específicos e transfíreos a contextos locais e globais, aplicando estratexias e destrezas que axilicen o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia ou unha iniciativa emprendedora de valor.
- Leva a cabo o proceso de creación de ideas e solucións anovadoras e toma decisións, con sentido crítico e ético, aplicando coñecementos técnicos específicos e estratexias áxiles de planificación e xestión de proxectos, e reflexiona

sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para elaborar un prototipo final de valor para as demais persoas, considerando a experiencia, tanto de éxito como de fracaso, unha oportunidade para aprender.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Ao completar o Bacharelato a/o alumna/o:

- Reflexiona, promove e valora criticamente o patrimonio cultural e artístico de calquera época, contrastando as súas singularidades e partindo da súa propia identidade, para defender a liberdade de expresión, a igualdade e o enriquecemento inherente á diversidade.
- Investiga as especificidades e as intencionalidades de diversas manifestacións artísticas e culturais do patrimonio, mediante unha postura de recepción activa e deleite, diferenciando e analizando os contextos, os medios e os soportes en que se materializan, así como as linguaxes e os elementos técnicos e estéticos que as caracterizan.
- Expressa ideas, opinións, sentimentos e emocións con creatividade e espírito crítico, realizando con rigor as súas propias producións culturais e artísticas, para participar de xeito activo na promoción dos dereitos humanos e os procesos de socialización e de construción da identidade persoal que derivan da práctica artística.
- Descubre a autoexpresión, a través da interactuación corporal e a experimentación con diferentes ferramentas e linguaxes artísticas, enfrontándose a situacións creativas cunha actitude empática e colaborativa, e con autoestima, iniciativa e imaxinación.
- Selecciona e integra con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para deseñar e producir proxectos artísticos e culturais sustentables, analizando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral que ofrecen, servíndose da interpretación, a execución, a improvisación ou a composición.
- Planifica, adapta e organiza os seus coñecementos, as súas destrezas e as súas actitudes para responder con creatividade e eficacia aos desexos derivados dunha produción cultural ou artística, individual ou colectiva, utilizando diversidade de linguaxes, códigos, técnicas, ferramentas e recursos plásticos, visuais, audiovisuais, musicais, corporais ou escénicos, valorando tanto o proceso como o produto final, e comprendendo as oportunidades persoais, sociais, inclusivas e económicas que ofrecen.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

En cada materia, plans, proxectos e actividades complementarias que desenvolvamos no centro, o obxectivo fundamental será o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectual como laboral do alumnado. Educando na responsabilidade e entendendo a dignidade humana como un valor guía que permita elaborar un modelo de vida que facilite niveis de felicidade persoal e o exercicio dunha cidadanía comprometida.

Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

Os criterios que seguiremos para incorporar os elementos transversais terán en conta:

Educación moral e cívica:

- Conseguir que o alumnado teña moi presente o concepto de civismo, a importancia de cumprir as normas sociais, e que o apliquen no seu día a día, xa sexa na relación con outras persoas ou no respecto que lle deben ter ao medio ambiente, de xeito que participen na sociedade tratando de melloralas.
- Fomentar a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, a participación en actividades en grupo con actitudes tolerantes, solidarias e non discriminatorias nun ambiente da aula baseado no respecto, diálogo e a autocrítica.
- Promover unha actitude participativa e colaborativa en actividades de grupo, valorando como enriquecedoras as diferenzas entre as persoas e mantendo unha actitude activa de rexeitamento ante calquera tipo de discriminación.
- Impulsar a igualdade real, da tolerancia e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente

Educación para a paz:

- Afondar e dar preferencia a valores como a solidariedade, a tolerancia, a non discriminación, o respecto á diversidade, a cooperación, a participación ou a capacidade de diálogo. Partindo da lectura de textos e proxeccións de material audiovisual traballar á reflexión sobre os mecanismos das sociedades totalitarias, servindo de base para a transmisión de valores como a non violencia, a tolerancia e a resolución pacífica dos conflitos.

- Educar no respecto a un mesmo e aos demais.
- Educación para a igualdade entre homes e mulleres
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller.

Educación ambiental:

- Identificar e reflexionar sobre os problemas ambientais actuais, locais e globais, como retos ineludibles da nosa sociedade, con actitude crítica e construtiva.
- Fomentar o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións medioambientais.
- Usar de forma responsábel os produtos químicos e coñecer as normas de protección ambientais respecto da eliminación de residuos.
- Fomentar o consumo responsable.
- Identificar e valorar as accións individuais e conxuntas relacionadas co compromiso polo medio ambiente

Educación para a saúde e a sexualidade:

- Promover a participación do alumnado en actividades que conduzan a concienciación para unha vida máis saudable: educación en saúde (alimentación e exercicio físico), prevención de riscos laborais, conducción responsable, riscos derivados do consumo de drogas, coidado do medioambiente, (incluírase no Plan de actividades).
- Resaltar que a materia Proxecto competencial de 3ºESO, ten como título “vida saudable”
- Continuar cos equipos de alumnado dedicados a rexistrar os datos da estación meteorolóxica, concienciando do cambio climático.
- Promover a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual e a formación estética.
- Facer fincapé en que o alumnado aprenda a ser consciente da importancia de ter coidado do corpo e das repercusións negativas que ten para a vida diaria a despreocupación da propia saúde e hixiene.
- Adoptar unha actitude axeitada para lograr unha vida física e mental saudable nun entorno natural e social.
- A educación sexual debe incidir tanto na afectividade como nos problemas que pode comportar unha sexualidade non responsable.
- Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica fronte as mensaxes publicitarias e a súa repercusión non consumo.
- Educar no consumo responsable. Identificar os pictogramas utilizados na etiquetaxe de produtos de uso común e a valoración da súa utilización n responsable.
- Analizar as relacións entre as sociedades humanas e o aproveitamento dos recursos naturais, valorando as súas consecuencias.

Educación viaria:

- Reflexionar sobre o propio comportamento como condutores, pasaxeiros e peóns, promovendo a descuberta da necesidade de que existan e se respecten as normas de circulación.
- Analizar e identificar as causas dos accidentes, relacionándoos coas magnitudes propias da física Educación para a convivencia democrática
- Destacar a importancia de saber situarse no lugar das outras persoas. Se o alumnado é capaz de entender as emocións dos demais e de conseguir aprender a reprimir as súas propias reaccións negativas, será tamén capaz de manter unha boa convivencia, a cal axudará a que a vida diaria sexa máis doada.
- Fomentar a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Educación audiovisual e tecnolóxica:

- Usar os instrumentos que ofrecen a tecnoloxía e as TIC nos procesos de procura, xestión e arquivo da información, así como no desenvolvemento de traballos de investigación de elaboración propia.
- Analizar de xeito crítico os contidos audiovisuais sobre as propiedades e aplicacións de determinados elementos, e o uso de aplicacións para a representación desta información, aproveitando múltiples medios.
- Manter unha actitude aberta na incorporación, uso e actualización das novas tecnoloxías durante os procesos de ensino-aprendizaxe.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Os criterios que seguiremos sobre a metodoloxía son os seguintes:

Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas.
- Combinar traballo individual e cooperativo.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Uso habitual das TIC.
- Papel facilitador do profesor/a.

Estratexias metodolóxicas

- Memorización comprensiva.
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, contenido audiovisual etc.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- Comentarios de textos, gráficos, mapas...
- Resolución de problemas.
- Estudo de casos.
- Simulacións.
- Elaboracións de proxectos.

Outras decisións metodolóxicas

- Agrupamentos.
- Temporalización.
- Espazos.
- Materiais.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os recursos didácticos son os soportes materiais nos cales se presentan os contidos e sobre os que se realizan as distintas actividades. O feito de utilizar medios didácticos na ensinanza ten unha dobre finalidade:

- Mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Crear un ambiente no cal profesorado e alumnado poidan exercer interacción mutua, derivándose deste clima totalmente humanizado a mellora dos resultados educativos.

No exercicio da autonomía pedagóxica, os departamentos didácticos acordarán os materiais curriculares que se utilizarán nas diferentes materias dos diferentes cursos.

A edición e adopción dos materiais curriculares, incluídos, no seu caso, os materiais da plataforma E_Dixgal, libros de texto, deberán adaptarse ao rigor científico axeitado ás idades dos alumnos e das alumnas e ao currículo establecido nos Decretos 156/2022 e 157/2022. Así mesmo, deberán reflectir e fomentar o respecto aos principios, valores, liberdades, dereitos e deberes constitucionais, así como aos principios e valores recogidos na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio (LOE), e a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE).

Na ESO, emprégase E_Dixgal en todas as materias excepto en Lingua e Literatura Galega e Portugués. O profesorado emprega os recursos das distintas editoriais da plataforma e unha boa parte dos departamentos elaboran materiais didácticos que suben á aula virtual desta plataforma, onde debe acceder o alumnado que ademais realizan e entregan os exercicios requeridos por este mesmo método.

En Bacharelato, principalmente emprégase a aula virtual do centro do mesmo xeito que na ESO e en algunhas materias ademais libro de texto.

O criterio principal é que o alumnado dispoña dunha ampla variedade de material (adaptado ao seu nivel), e que as materias se completen con actividades dentro e fóra do centro: charlas, concertos didácticos, visita museos, etc.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Os criterios empregados para a oferta educativa son:

- Ampla oferta de optatividade.
- Facer itinerarios que poidan ter saídas para as distintas ensinanzas.
- Fomentar o Plurilingüismo
- Fomentar as vocacións Artísticas
- Fomentar as vocacións STEM.

A oferta educativa para o curso 2023/2024 é:

1º ESO

Materias comúns (31 horas)

Bioloxía e Xeoloxía 3 h + 1h de libre disposición

Educación Física 2 h

Educación Plástica e Visual 2 h

Inglés 3 h Lingua Estranxeira

Lingua Galega e Literatura 3 h+1h de libre disposición

Lingua Castelá e Literatura 3 h

Matemáticas 4 h

Tecnoloxía e dixitalización 3 h

Xeografía e Historia 3 h

2º Lingua Estranxeira 2 h: Francés/ Portugués

Titoría 1 h

Elixir unha: Relixión/Proxecto competencial: Móvete pola cultura 1 h

2º ESO

Materias comúns (31 horas)

Educación Física 2 h

Xeografía e Historia 3 h

Física e Química 3 h

Inglés 3 h Lingua Estranxeira

Lingua Castelá e Literatura 3 h +1h de libre disposición

Lingua Galega e Literatura 3 h

Matemáticas 4h+1h de libre disposición

Música 2 h

2º Lingua Estranxeira 2 h: Francés/ Portugués

Elixir unha: Tecnoloxía e Dixitalización / Tecnoloxía e Dixitalización(Bilingüe en Inglés) 3h

Titoría 1 h

Elixir unha: Relixión/Proxecto competencial: Habilidades Sociais 1 h

3º ESO

Materias comúns (28 horas)

Bioloxía e Xeoloxía 2 h

Educación Física 2 h

Educación e Valores Cívicos e Éticos 1 h

Educación Plástica e Visual e Audiovisual 2 h

Física e Química 2 h

Inglés 3 h Lingua Estranxeira

Lingua Castelá e Literatura 3 h

Lingua Galega e Literatura 3 h

Matemáticas 4 h

Música 2 h

Xeografía e Historia 3 h

Titoría 1 h

Materias optativas (escoller unha, numéranse por orde de preferencia)

Cultura Clásica 3 h

Educación dixital 3 h
Educación dixital (Bilingüe en Inglés) 3h
Francés 2º Lingua Estranxeira 3 h
Portugués 2º Lingua Estranxeira 3 h
Oratoria 3 h
Cultura Financeira 3h
Elixir unha: Relixión / Proxecto competencial: Vida Saudable 1 h

4º ESO
Materias comúns (12 h)
Educación Física 2 h
Inglés Lingua Estranxeira 3 h
Lingua Castelá e Literatura 3 h
Lingua Galega e Literatura 3 h
Xeografía e Historia 3 h
Titoría 1 h
Elixir unha: Relixión/Proxecto competencial: Debate e actualidade 1h

Ofértanse 2 opcións agrupadas da seguinte forma:

OPCIÓN 1

Matemáticas B 4h.

Materias optativas (cursaranse 4 optativas de 3 horas cada unha):

Física e química 3h.

Elixir unha: Bioloxía e Xeoloxía/Expresión Artística 3h.

Numerar por orde de preferencia (cursarase 1)

2ª Lingua estranxeira (francés)

2ª Lingua estranxeira (portugués)

Tecnoloxía Bilingüe

Tecnoloxía Non Bilingüe

Formación e orientación persoal e profesional

Numerar por orde de preferencia (cursarase 1)

Cultura clásica (se non se cursou en 3º)

Oratoria (se non se cursou en 3º)

Filosofía

Dixitalización Bilingüe

Dixitalización Non Bilingüe

Música

OPCIÓN 2

Elixir unha: Matemáticas A/ Matemáticas B 4h.

Materias optativas (cursaranse 4 optativas de 3 horas cada unha):

Elixir unha: Latín/Expresión Artística 3h.

Elixir unha: Economía e Emprendemento/Música 3h.

Numerar por orde de preferencia (cursarase 1)

2ª Lingua estranxeira (francés)

2ª Lingua estranxeira (portugués)

Tecnoloxía Bilingüe

Tecnoloxía Non Bilingüe

Formación e orientación persoal e profesional

Numerar por orde de preferencia (cursarase 1)

Cultura clásica (se non se cursou en 3º)

Oratoria (se non se cursou en 3º)

Filosofía

Dixitalización Bilingüe
Dixitalización Non Bilingüe

1º BACHARELATO

Materias comúns (15 h)
Educación Física 3 h
Filosofía 3 h
Inglés Lingua Estranxeira I 3h
Lingua Castelá e Literatura I 3 h
Lingua Galega e Literatura I 3 h
Elixir unha: Relixión/Atención Educativa 1h

Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía:
Materia de modalidade: Matemáticas I 4 h

Materias específicas de opción(cursaranse 2):
Física e Química 4 h
Elixir unha: Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais/Tecnoloxía e Enxeñería I/ Debuxo Técnico I 4h

Materias optativas (numerar por orde de preferencia, cursarase 1) 4h
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais
Tecnoloxía e Enxeñería I
Debuxo Técnico I
Anatomía Aplicada
Cultura Científica
2ª Lingua estranxeira I (francés)
2ª Lingua estranxeira I(portugués)
Tecnoloxías da Información e Comunicación I
Antropoloxía
O alumnado matriculado en Tecnoloxía e Enxeñería I ten a opción de cursar o o bacharelato de excelencia matriculándose a maiores en STEMBACH de Tecnoloxía e Física e Química (2h máis lectivas un día pola tarde).

Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais:
Materia de modalidade;
Elixir unha: Latín I/Matemáticas aplicadas ás CC.SS II 4 h

Materias específicas de opción(cursaranse 2):
Grego I/Economía (elixir unha) 4 h
Historia do mundo contemporáneo/Literatura Universal (elixir unha) 4 h

Materias optativas (numerar por orde de preferencia, cursarase 1) 4h
Grego I
Economía
Historia do mundo contemporáneo
Literatura Universal
Cultura Científica
2ª Lingua estranxeira I (francés)
2ª Lingua estranxeira I(portugués)
Tecnoloxías da Información e Comunicación I
Antropoloxía
Literatura Galega do século XX e a Actualidade

Modalidade de Artes:
Vía Música e Artes Escénicas:
Materia de modalidade:
Elixir unha: Análise Musical I/Artes Escénicas I 4 h

Materias específicas de opción(elixir 2):
Linguaxe e Práctica Musical 4h

Coro e Técnica Vogal I 4h
Cultura Audiovisual 4h

Materias optativas (numerar por orde de preferencia, cursarase 1) 4h

Linguaxe e Práctica Musical
Coro e Técnica Vogal I
Cultura Audiovisual
Cultura Científica
2ª Lingua estranxeira I (francés)
2ª Lingua estranxeira I(portugués)
Tecnoloxías da Información e Comunicación I
Antropoloxía
Literatura Galega do século XX e a Actualidade

Vía Artes Plástica, Imaxe e Deseño:

Materia de modalidade: Debuxo Artístico I 4 h

Materias específicas de opción(cursaranse 2):

Cultura Audiovisual / Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e Deseño I(elixir unha) 4 h
Volume/Proxectos artísticos (elixir unha) 4 h

Materias optativas (numerar por orde de preferencia, cursarase 1) 4h

Cultura Audiovisual
Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e Deseño I
Volume
Proxectos artísticos
Cultura Científica
2ª Lingua estranxeira I (francés)
2ª Lingua estranxeira I(portugués)
Tecnoloxías da Información e Comunicación I
Antropoloxía
Literatura Galega do século XX e a Actualidade

2º BACHARELATO

Materias comúns (15 h)
Historia de España 3 h
Historia da Filosofía 3 h
Inglés Lingua Estranxeira II 3h
Lingua Castelá e Literatura II 3 h
Lingua Galega e Literatura II 3 h
Elixir unha: Relixión/Atención Educativa 1h

Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía:

Materia de modalidade;

Elixir unha: Matemáticas I/ Matemáticas aplicadas ás CC SS II

Materias específicas de opción(cursaranse 2):

Bioloxía/Xeoloxía e Ciencias Ambientais/Física (elixir unha) 4 h
Química/Tecnoloxía e Enxeñería II/ Debuxo Técnico II (elixir unha) 4 h

Materias optativas (numerar por orde de preferencia, cursarase 1) 4h

Bioloxía
Xeoloxía e Ciencias Ambientais
Física
Química
Tecnoloxía e Enxeñería II
Debuxo Técnico II
2ª Lingua estranxeira II (francés)
2ª Lingua estranxeira II(portugués)

Tecnoloxías da Información e Comunicación II
Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia
Métodos Estatísticos e Numéricos
Psicoloxía

O alumnado matriculado en Física ten a opción de cursar o o bacharelato de excelencia matriculándose a maiores en STEMBAACH de Física e Química (2h máis lectivas un día pola tarde).

Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais:

Materia de modalidade:

Elixir unha: Latín II/Matemáticas aplicadas ás CC.SS II 4 h

Materias específicas de opción(cursaranse 2):

Grego II/ Empresa e Deseño de Modelos de Negocio (elixir unha) 4 h

Historia do Arte/Xeografía (elixir unha) 4 h

Materias optativas (numerar por orde de preferencia, cursarase 1) 4h

Grego II

Empresa e Deseño de Modelos de Negocio

Historia do Arte

Xeografía

2ª Lingua estranxeira II (francés)

2ª Lingua estranxeira II(portugués)

Tecnoloxías da Información e Comunicación II

Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia

Métodos Estatísticos e Numéricos

Psicoloxía

Historia da Música e da Danza

Modalidade de Artes:

Vía Música e Artes Escénicas:

Materia de modalidade:

Elixir unha: Análise Musical II/Artes Escénicas II 4 h

Materias específicas de opción(elixir 2):

Historia da Música e da Danza 4h

Coro e Técnica Vogal II 4h

Literatura Dramática 4h

Materias optativas (numerar por orde de preferencia, cursarase 1) 4h

Historia da Música e da Danza

Coro e Técnica Vogal II

Literatura Dramática

2ª Lingua estranxeira II (francés)

2ª Lingua estranxeira II(portugués)

Tecnoloxías da Información e Comunicación II

Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia

Psicoloxía

Vía Artes Plástica, Imaxe e Deseño:

Materia de modalidade: Debuxo Artístico II 4 h

Materias específicas de opción(cursaranse 2):

Elixir un bloque:

Bloque I:

Fundamentos Artísticos

Técnicas de Expresión Gráfico-Plásticas

Bloque II:

Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e Deseño II

Deseño

Materias optativas (numerar por orde de preferencia, cursarase 1) 4h

Fundamentos Artísticos

Técnicas de Expresión Gráfico-Plásticas

Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e Deseño II

Deseño

2ª Lingua estranxeira II (francés)

2ª Lingua estranxeira II (portugués)

Tecnoloxías da Información e Comunicación II

Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia

Psicoloxía

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Os departamentos didácticos propoñen nas súas programacións didácticas diversas actividades complementarias e extraescolares que contribúen a reforzar e contextualizar a aprendizaxe e o enfoque global de todas as disciplinas. A través dos diferentes plans, proxectos e programas solicitados pretendemos brindar maiores oportunidades ao noso alumnado.

En todo momento, tratamos de desenvolver unha metodoloxía colaborativa e interdisciplinar, atendendo especialmente ao alumnado máis vulnerable.

Desde a vicedirección, coordínase a realización das actividades complementarias e extraescolares do xeito máis funcional posible, informando da vida do noso centro á comunidade educativa. Para isto, poderemos atopar na web do instituto, apartado vicedirección, todas as novidades, documentos e información.

Diferenciamos entre actividades complementarias e extraescolares:

- Considéranse actividades complementarias as actividades organizadas polo centro durante o horario lectivo, e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan. Como visitas, conmemoracións, viaxes etc.
- Considéranse actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos a ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo libre. As actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo e terán carácter voluntario para o alumnado e o profesorado.

PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais, nais ou titores/as sempre que se desenvolvan fóra do centro.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para o alumnado, non discriminación e ausencia de lucro. Só poderá ser privado de participación nas actividades aquel alumnado sancionado por faltas contrarias á convivencia ou se, durante a realización da actividade, o seu comportamento non fose compatible coas características específicas da actividade.

DESEÑO E PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES

Á hora de deseñar as actividades complementarias teremos en conta os seguintes aspectos:

- Intentarase unha distribución equilibrada ao longo dos trimestres.
- É importante ter en conta, como punto de partida, a memoria específica do curso anterior.
- Ser adecuadas ao nivel educativo correspondente.
- Ser respectuosas, non discriminatorias e que non perpetúen os estereotipos de roles de xénero, da inmigración, dos diferentes usos lingüísticos, da identidade e orientación sexual, da liberdade relixiosa, das minorías ou de calquera outra.
- Será necesaria a información previa á Vicedirección, coa suficiente antelación para a reorganización dos horarios do modo máis axeitado para o funcionamento do centro.
- Sempre que se poida, evítase a realización de actividades complementarias nas dúas semanas previas á avaliación.
- Como mínimo os profesores acompañantes serán un por cada vinte alumnos e alumnas.
- As familias cubrirán unha autorización para todas as actividades programadas fóra do centro e se informará á Inspección.
- O alumnado que non acuda a algunha actividade quedará perfectamente atendido polos docentes que desde a xefatura de estudos se estableza.
- Intentar que o custo das actividades sexa o mínimo posible para as familias, evitando que a súa realización poida supor unha discriminación polo custo das mesmas ou que agraven a desigualdade socioeconómica daquelas máis

vulnerábeis. Hai que ter en conta que a situación do centro fóra do núcleo urbano implica a necesidade de contar con transporte para calquera actividade.

- Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para o alumnado, non discriminación e ausencia de lucro. Só poderá ser privado de participación nas actividades aquel alumnado sancionado por faltas contrarias á convivencia ou se, durante a realización da actividade, o seu comportamento non for compatíbel coas características específicas da actividade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- O alumnado de educación secundaria obrigatoria que promocióne de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado por :

a) Cando se trate da mesma materia ou ámbito, polo profesorado que imparta a materia ou o ámbito á alumna ou ao alumno no actual curso académico.

b) No resto de materias ou ámbitos, será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no curso actual.

Sempre baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

- O plan de reforzo incluirá:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.

g) Seguimento e avaliación.

h) Acreditación da información á familia.

- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

O modelo empregado é o enviado pola inspección educativa, O profesorado o cubre en ABALAR BOX e comparte co xefatura de estudos e tirores.

BACHARELATO

O alumnado de bacharelato que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

As programacións didácticas deberán recoller os procedementos de seguimento, recuperación e avaliación do alumnado con materias pendentes.

O departamento didáctico programará actividades e/ou probas de avaliación para verificar ao longo das avaliacións a superación desas materias.

O seguimento e a avaliación das materias pendentes será realizado polo profesorado con atribución docente na materia, elixido polo departamento didáctico. Nas materias de continuidade, será elixido, preferentemente, o profesorado que lle imparta a materia no segundo curso. No resto de materias, será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no curso actual .

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

- Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
 - O plan específico personalizado incluirá:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
 - c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
 - f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
 - g) Acreditación da información á familia.
 - En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
- O modelo empregado é o enviado pola inspección educativa. O profesorado o cubre en ABALAR BOX e comparte co xefatura de estudos e tirores.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- Ley orgánica 3/ LOMLOE.
- (DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.)
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

AVALIACIÓN

Carácter da avaliación:

1.A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

2.A avaliación na educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora:

- a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
- b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.
- c) Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.

3, Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, tendo en conta o regulado nos artigos 28 e 29.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de

realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detecta que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

Avaliación das competencias clave:

- Todas as materias ou ámbitos do currículo deben contribuír, en cada un dos cursos da etapa, ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.
- A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, na medida en que, de conformidade co anexo II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada materia ou ámbito, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente cos obxectivos da devandita materia ou ámbito, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.
- A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da materia ou ámbito para o deseño das actividades de ensino e aprendizaxe e avaliación e dos métodos pedagóxicos debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares a que se refire o número anterior.

Sesións de avaliación:

- Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo unha avaliación inicial e tres sesións de avaliación parciais, a terceira delas coincidirá coa avaliación final. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes.
- As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o equipo docente. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan.
- Cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno, participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das materias en que estea matriculada ou matriculado a alumna ou o alumno.
- O profesorado especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe asistirá ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.
- A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
- Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado, de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.
- O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, deberá consignar na acta de avaliación final as cualificacións das materias ou ámbitos de que sexa responsable.
- O equipo docente, coordinado pola persoa titora, consignará na acta de avaliación final as cualificacións das competencias clave.

Cualificacións:

- A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso,
- Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:
 - Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
 - Suficiente: 5.
 - Ben: 6.
 - Notable: 7 ou 8.
 - Sobresaliente: 9 ou 10.

PROMOCIÓN

- As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.
- Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de

xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

- Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén TODAS as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais, establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

- O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

- Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto polos diferentes departamentos nas programacións didácticas.

- O establecido no punto anterior será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao aprofundamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

- Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

- A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto nos artigos 51 e 52 da Orde de 8 de setembro de 2021.

- En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa.

- Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

TITULACIÓN

- Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa e tendo en conta os criterios de titulación.

- Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén TODAS as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

- O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

- As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha

certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

BACHARELATO

· Ley orgánica 3/ LOMLOE.

· DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

· ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación mesa etapa educativa.

AVALIACIÓN

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

2. A avaliación no bacharelato será continua, formativa e diferenciada segundo as distintas materias:

a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.

b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo ás características persoais de cada alumna e alumno.

c) Diferenciada segundo as distintas materias: xa que o profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos da materia.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

Sesións de avaliación:

• Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo unha avaliación inicial e tres sesións de avaliación parciais, a terceira delas coincidirá coa avaliación final e unha avaliación final extraordinaria. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes.

• As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o equipo docente. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan.

• Cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno, participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das materias en que estea matriculada ou matriculado a alumna ou o alumno.

• Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

• A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo, de forma colexiada, a avaliación final ordinaria do alumnado, Así mesmo, realizará unha avaliación final extraordinaria para o alumnado que logo da avaliación final ordinaria non supere algunha materia.

• O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, deberá consignar na acta de avaliación final as cualificacións das materias ou ámbitos de que sexa responsable.

Cualificacións:

Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase «Non presentada/o» (NP).

PROMOCIÓN

Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

• As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para estes efectos, só se

computarán as materias en que estea matriculada a alumna ou o alumno

- O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

- As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

- As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

TITULACIÓN

- O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.

- O alumnado, para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais TODAS as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Considérase falta de asistencia continuada e non xustificada aqueles casos nos que haxa máis dun 10% de faltas sen xustificar nunha materia.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

- O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade, de vía ou de materias, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

- Nas actas de avaliación final ordinaria ou extraordinaria de segundo curso, no expediente académico e no historial académico farase constar ademais unha media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado para os efectos de acceso a outros estudos, a obtención da mención de matrícula de honra e as convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando o total do alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

- No caso de ter máis alumnas e alumnos cumprindo os criterios para recibir a mención de matrícula de honra que mencións para entregar, os criterios de desempate serán os seguintes:

1º Maior media en 4º da ESO, considerando ata a centésima.

2º Maior media en toda a ESO, considerando ata a centésima.

BACHARELATO

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación

mesa etapa educativa.

· O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

· No caso de ter máis alumnas e alumnos cumprindo os criterios para recibir a mención de matrícula de honra que mencións para entregar, os criterios de desempate serán os seguintes:

1º Maior media en 2º Bacharelato, considerando ata a centésima.

2º Maior media en 1º e 2º de Bacharelato, considerando ata a centésima.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

· Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias ou ámbitos seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

· As programacións didácticas realizaránse coa aplicación informática PROENS.

· A programación didáctica de cada materia elaborárase por nivel educativo e será a mesma para todos os grupos do nivel. Así se dous profesores imparten a mesma materia no mesmo nivel educativo a programación deberá ser elaborada por ámbolos dous, baixo a coordinación da xefatura de departamento didáctico.

· O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora. Esta información será valorada e analizada polo departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual do que se deixará constancia nas correspondentes actas de reunión.

As programacións didácticas incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversais.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

- REVISIÓN E SUPERVISIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Unha vez pechada a programación polos docentes da materia ou ámbito por cun nivel, a xefatura de departamento deberá supervisala. De considerar que hai aspectos pouco claros ou incongruentes cos criterios aprobados polo departamento didáctico, deberá por en revisión a mesma para a súa modificación polos respectivos docentes. En caso contrario, procederá a supervisala positivamente para a súa revisión pola dirección do centro.

Posteriormente a dirección revisará as programacións comprobando os criterios de avaliación e cualificación, e a coherencia co PEC e os plans e programas educativos do centro. De considera que non é así, deberá por en revisión a mesma para a súa modificación pola xefatura de departamento. En caso contrario, procederá a supervisala positivamente para a súa remisión á inspección educativa.

PUBLICACIÓN E DIFUSIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

As programacións didácticas (informe da aplicación PROENS), publicaranse na web do centro, onde poden ser consultadas por toda a comunidade educativa.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O IES María Soliño, a través da dirección, promoverá a participación, tanto do alumnado como do profesorado, en aqueles proxectos, plans e programas que se consideren de interese para a formación dos membros da comunidade educativa. Supeditados á consecución dos obxectivos das diferentes etapas por parte do alumnado, as competencias clave e o perfil de saída.

Este centro conta cun elevado número de plans e proxectos, todos eles propostos polos departamentos didácticos, recollidos pola vicedirección, presentados ao claustro de profesorado e aprobados polo Consello Escolar.

En todos e cada un deles se estuda a viabilidade, o beneficio didáctico para o alumnado, o número de profesores e profesoras e alumnos e alumnas que poden participar, para non deixar o resto do centro desatendido.

Facendo fincapé en potenciar o plurilingüismo, as vocacións STEM, fomento a inclusión, a igualdade, a lectura, vida saudable.

Como así consta na Programación Xeral Anual, este curso, contamos con: seccións bilingües (3 en Inglés), STEMBACH (1º e 2º BACH), contratos programa (cp-inclúe e cp-innova), plan proxecta (proxecto terra), PLAMBE (clubs de lectura), DIGITALWEEK, EduExchanges (realizaremos un intercambio escolar de alumnado cun centro de Polonia), participación nas probas de acreditación de linguas, o alumnado de ciclos terá a posibilidade de participar no programa Erasmus+ para realizar as prácticas de formación en empresas noutros países da Unión, tamén somos centro titor de máster de profesorado.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, será o seguinte:

- No contexto da avaliación procesual avaliarase unha vez ao trimestre, o desenvolvemento da mesma, por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, claustro e consello escolar. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos aspectos incluídos na concreción curricular e as propostas de mellora. Será revisada e avaliada por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que procederá logo a trasladar ao claustro aquelas medidas de mellora ou modificacións para que este proceda á súa aprobación.

A comezos de cada curso será sometida a votación en claustro e posta logo en coñecemento do Consello Escolar.

o) Outros apartados

1. Non procede

Non procede